



EN AMES

**PARTICIPAMOS
e DECIDIMOS!**

No noso concello

Orzamentos Participativos

2020

Concello de Ames



Que son os orzamentos participativos?

Os orzamentos participativos (OP) son unha ferramenta de participación, deliberación e xestión na que **a cidadanía fai propostas e decide** o destino de parte do orzamento municipal.

Que se decide?

Este ano 2020, o goberno municipal abre un novo proceso de OP para que a veciñanza de Ames faga propostas e decida o gasto. Destinaranse no Orzamento 2021 un total de **200.000€** para actividades e investimentos escollidos neste proceso, e desenvolveranse as actuacións ao longo do 2021 segundo as cantidades que se indican:

- 120.000€ para **investimentos** no conxunto do **rural**
- 40.000€ para **investimentos** dirixidos á **mocidade**
- 10.000€ destinados a **actividades** ou **programas** dirixidos á **mocidade**
- 10.000€ destinados a **actividades** ou **programas** dirixidos á **muller**
- 10.000€ destinados a **actividades** ou **programas** dirixidos á **cultura**
- 10.000€ destinados a **actividades** ou **programas** dirixidos ao **medioambiente**



Que podemos propoñer

Poderán debaterse e presentarse propostas relacionadas cos seguintes ámbitos:

◆ Para investimentos

Un investimento é todo aquilo que **o Concello pode construír ou adquirir cando a súa duración prevista é superior a un ano e pasa a ser patrimonio do Concello.**

Para ser admitidos no proceso, os investimentos deben ser **competencia do Concello**, non contravir ningunha lei en vigor, e o seu valor non pode ser superior ao orzamento dispoñible nos Orzamentos Participativos.

Son exemplos de investimentos:

- x A creación de **novas infraestruturas** (sinalización, mobiliario urbano, paneis informativos, parques, xardíns, fontes, lavadoiros, etc).
- x A **reposición de infraestruturas** (remodelación de áreas recreativas, espazos naturais, reposición de fontes, de mobiliario urbano ou de equipamentos deportivos, etc).
- x A **reforma, acondicionamento e equipamento** de edificios e instalacións municipais.
- x A adquisición de **software e hardware**: aplicacións, plataformas dixitais, equipos informáticos.



◆ Para actividades ou programas

As actividades poderían incluír gastos de adquisición de **bens e servizos** externos. Como exemplos: festas, festivais, talleres, formacións, campañas de sensibilización, etc.

Quen pode participar

Hai dúas maneiras de participar: **facendo propostas e votando as propostas**.

Calquera persoa, sen límite de idade, pode facer propostas de investimentos, actividades ou programas.

Para votar as propostas hai que estar empadroadado en Ames e con 16 anos cumpridos.

No caso dos investimentos e actividades para a mocidade só poderán votar as persoas que teñan como máximo 30 anos cumpridos.



Como participarmos: As fases dos OP

En vista das circunstancias excepcionais provocadas pola COVID-19, nesta edición de orzamentos participativos haberá posibilidade de participación presencial e telemática a través de distintas canles.

- **Informámonos e facemos propostas.**
De agosto a mediados de outubro

Todas as persoas poden informarse na Web do Concello de Ames, no teléfono de información 674 805 085 e nas diferentes Asembleas e xuntanzas informativas.

As propostas presentaranse a través do **formulario de propostas** que estará dispoñible na páxina Web Municipal, ou solicitarse en opames2020@cidadania.coop . O formulario estará dispoñible nas dependencias municipais e nas Asembleas e xuntanzas informativas.

O formulario de propostas poderá presentarse por varios medios: telemáticamente a través da páxina Web Municipal, en opames2020@cidadania.coop , a través do teléfono 674 805 085, nas dependencias municipais e nas Asembleas e xuntanzas informativas.



➤ **Estudamos a viabilidade das propostas e priorizamos.** Terceira semana de outubro

Unha vez rematado o prazo de presentación de propostas o persoal técnico municipal estudará as propostas que sexan viables legal, técnica e orzamentariamente.

As propostas seleccionadas estudaranse e priorizaranse polos órganos de participación recollidos no Regulamento de participación cidadá (Asembleas Territoriais e Consellos Sectoriais). Estes órganos de participación estarán formados por representantes da veciñanza que saian escollidos nas distintas Asembleas Territoriais e Consellos Sectoriais.

A priorización supón establecer unha orde de relevancia de 10 propostas (como máximo) por cada ámbito.

➤ **Votamos as propostas.** Última semana de outubro

Finalmente publicarase a listaxe definitiva das propostas viables para ser seleccionadas por **voto electrónico** a través dun enlace na páxina Web Municipal habilitado para os orzamentos participativos, ou nos **espazos de votación presencial**. As propostas que acaden maior número de votos incorporaranse ao Orzamento Municipal para ser realizadas en 2021.



Como votamos

Cada persoa empadroadada en Ames poderá votar nos 6 ámbitos ou partidas de gasto sobre as que se realizaron as propostas: investimentos rural, investimentos mocidade, actividades para mocidade, muller, cultura e medioambiente.

Cada persoa votará 3 propostas de cada ámbito ou partida de gasto. Así, asignaráselle 3 puntos á proposta máis valorada, 2 á seguinte e 1 punto á última.

A votación electrónica e a presencial son complementarias. Cada persoa só poderá escoller un único sistema de votación: ben a través da plataforma electrónica con acceso dende a web municipal, ben a través do voto presencial nos espazos de votación. Comprobarase a validez dos votos unha vez pechado o prazo de votación e eliminaranse todos os votos duplicados que se fagan de maneira presencial e telemática, así como os daquelas persoas que non estean empadroadas.



ASEMBLEAS DE PRESENTACIÓN DE PROPOSTAS

DIA	HORA	LUGAR DA ASEMBLEA
Luns 14 de setembro	19:00 – 20:00	Local Social TRASMONTE
	20:20 – 21:20	Local Social AGRÓN
Martes 15 de setembro	19:00 – 20:00	Local Social LENS
	20:20 – 21:20	Local Social AMES (Augapesada)
Mércores 16 de setembro	20:20 – 21:20	Local Social ORTOÑO
Xoves 17 de setembro	19:00 – 20:00	Local Social PIÑEIRO
	20:20 – 21:20	Local Social TAPIA
Luns 21 de setembro	19:00 – 20:00	Local Social AMEIXENDA
	20:20 – 21:20	Local Social COVAS
Martes 22 de setembro	19:00 – 20:00	Local Social BUGALLIDO
	20:20 – 21:20	Local Social BIDUIDO

ENCONTROS SECTORIAIS

DIA		
Entre o 21 ao 30 de setembro	Por circunstancias derivadas da situación da alerta sanitaria da covid-19 o calendario de datas das xuntanzas sectoriais irase actualizando na páxina web do Concello de Ames:	Cultura, Medio Ambiente, Mocidade, Muller
Entre o 21 ao 30 de setembro	concellodeames.gal	IES de Milladoiro e IES de Bertamiráns

